

Libros e azares

Estamos no mes en que o libro é homenaxeado por xalundes en memoria de dous grandes xenios da literatura universal: Shakespeare e Cervantes, mortos ambos, por cousas do azar, o mesmo día do mesmo mes e ano, é dicir o 23 de abril de 1616, talmente como se unha sinerxia cósmica tensase todas as cordas da harmonía do universo para levar os dous espíritos unidos cara á eternidade e alí poderen dialogar xuntos polos séculos dos séculos. Non te asustes lector, que non vou poñerme patético nin tan sequera lírico. É tan só un dicir, un falar.

Aproveitando este ambiente abrileno, que bota por terra o pensar poético de T.S. Eliot ('abril é o mes máis cruel') fun dar un paseo polo 'rastrillo' que se está a montar dende hai algúns meses na Praza de Cervantes (antes Praza do pan) de Santiago. E velaquí que entre as múltiples cousas que se poden atopar nestes encantadores mercadiños, había un libro que me chamou a atención pois me traía non sei qué próximas ou remotas resoancias que despois lles contarei. Debo confesar, por mágoa, que non son eu un deses bibliófilos donos dun olfato especial para atopar nas librerías de vello entre miles de volúmenes aquel que andaban a procurar e que parece que lles fai un aceno especial tan só a eles en premio da constancia e adicación que invisten no agarimo pola letra impresa. Pero teño algunhas anécdotas curiosas ás que me conduciu, se non a bibliofilia seria, como digo, si unha certa curiosidade que de vez en cando se me esperta e encamiña os meus pasos a algún destes establecementos.

Nunha ocasión, vai agora para dez anos, entrei nunha tenda de libros de vello en Oxford e atopei parte (supoño que mínima, pois debeu ser inmensa) da biblioteca de Salvador de Madariaga, episodio este que xa de seu ten un aquel de azar venturoso. Pero é que remexendo aquí e alá polos libros do coñecido diplomático e escritor tiven a sorte de encontrar un par deles da autoría de dúas persoas ás que eu tratei en vida e que estamparan de propia man as súas dedicatorias de admiración e amizade cara ao sonado europeísta. Por discreción e aínda que xa deixaron esta vida hai bastantes anos, non direi os nomes dos dous escritores. Tan só dicir que un dos libros fora escrito en castelán por un profesor da nosa universidade, gran devoto tamén de Europa; o outro, que merquei por tres libras, está escrito en

galego coa versión a seguir en castelán, e ilustrado, ademais, nada menos que por Seoane, Maside, Colmeiro, Souto e M. Torres. A dedicatoria dicía (di) así: 'A D. Salvador de Madariaga, galego universal, co-a devoción lonxana, mais sentida, de V.P.A.'. Téñolle grande aprecio a este libro, por razóns obvias, ás que se engade que, sendo unha xoia poética, non figuraba o seu título na miña biblioteca.

Dá un algo de tristeza pero tamén de esperanza pensar que algún día, de non seren queimados, tamén os libros que un dedicou aos amigos ou familiares con entusiasmo e agarimo han pasar a encherse de pó nos andeis dalgunha librería de vello, á espera de que alguén que 'pasaba por alí' os rescate por catro céntimos de euro para lle infundir nova vida, é dicir, novas lecturas.

O libro que merquei na praza de Cervantes tén tamén a súa historia e a súa anécdota. Trátase de Voces al viento, de César Alvajar, impreso na Coruña no ano 1930. Foi o seu autor un xornalista republicano e rebelde que morreu no exilio de París no ano 1956. Da man do meu amigo Xosé Luís Axeitos podería contar algunhas cousas del e mais da súa filla, Amparo Alvajar Jean, estraña muller que morreu aínda hai ben pouco e que estivera casada por uns anos co coñecido galeguista, tamén exiliado, Arturo Cuadrado. A miña nova adquisición trae unha delicada e lírica dedicatoria de puño e letra do autor na que se di: 'A Carmiña F., que es como un rayo de sol entre las nieblas municipales de esta casa. Con el afecto y la devoción de César Alvajar'. Todo moi poético. O malo é que Carmiña, aquel 'rayo de sol', nin sequera abriu o libro, tiven que facelo eu cun canivete. ¡Ingratas!